

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO  
HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 12:25 h do día 22 de decembro de 2023, baixo a presidencia de **DNA. MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ**, e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, DNA. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, DNA. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución de **DNA. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, DNA. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e DNA. MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 17 de novembro de 2023.

**2. DAR CONTA DOS DATOS DE PERSOAS VISITANTES AO MUSEO DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2023**

A vicepresidenta dá conta dos datos facilitados polo Museo de Pontevedra en relación ás visitas recibidas dende o 1 de xaneiro ata a primeira quincena do mes de decembro de 2022, que ascenden a un total de 186.218 visitas. As Ruínas de San Domingos recibiron ata o 31 de outubro do presente ano a 123.436 persoas visitantes, correspondendo as restantes 62.782 aos edificios Castelao e Sarmiento.

**3.- DAR CONTA DOS DATOS DE VISITAS E PERSOAS USUARIAS DA BIBLIOTECA DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO E DO ATOPO -CATÁLOGO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DOS FONDOS DO MUSEO DE PONTEVEDRA, DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DA DEPUTACIÓN, DOS ARQUIVOS MUNICIPAIS E DOUTRAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS OU PRIVADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, DURANTE O ANO 2023**

A vicepresidenta dá conta dos datos facilitados polo servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico en relación ás visitas e persoas usuarias da biblioteca e do catálogo documental e bibliográfico ATOPO dende o 1 de xaneiro ata o 18 de decembro de 2023.

En canto a persoas usuarias da Biblioteca nas propias instalacións, producíronse un total de 1.158 préstamos (501 préstamos a domicilio e 657 préstamos en sala) e foron 178 as persoas usuarias que fixeron uso do servizo de préstamo / consulta. Na Biblioteca on line, actualmente



hai dadas de alta en Koha 1.228 persoas usuarias, das cales 87 se deron de alta neste ano 2023. No referido a accesos a rexistros bibliográficos e documentais no portal dixital ATOPO, recibíronse un total de 744.884 visitas e 9.848 persoas usuarias.

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu como secretaria dou fe.

